



festival[®]
do internacional
de Mundo Celta
Ortigueira



11·14 XULLO 2024
#OITONACIONESUNHACULTURA
FESTIVAL DECLARADO DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

BENVIDOS A #ORTIGUEIRA2024

ORTIGUEIRA

O FESTIVAL

LOXÍSTICA

CONCEPTO E CARTEL

PROGRAMACIÓN DE #ORTIGUEIRA2024

PROGRAMACIÓN DIARIA

EXPOSICIÓN

OBRADOIROS E OUTRAS ACTIVIDADES

FEIRA DE ARTESANÍA

CONCURSO RUNAS

FESTIVAL NO TEATRO

PEQUE FESTIVAL

FESTIVAL NA RÚA

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

RELACIÓN DE GRUPOS

INFORMACIÓN PRÁCTICA

RECOMENDACIÓNS

COMUNIDADE ONLINE

PATROCINADORES

AGRADECEMENTOS

CONTACTOS

BENVID@S A #ORTIGUEIRA2024


ORTIGUEIRA

Sobre o mapa, este territorio do norte de Galicia destaca polo seu tamaño. A localidade, de pouco máis de 5.000 habitantes, está situada a metade do camiño que une Ferrol e Viveiro. Constitúe un espazo rural por descubrir que apenas adiviña, na súa magnitude, quen a visita cada ano para gozar da música celta e folk e da festa global do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira.

A súa ría protexida de importancia internacional, unha costa salvaxe allea ao boom do ladrillo, o seu patrimonio rehabilitado, a boa mesa e a hospitalidade das súas xentes, converten o municipio en destino perfecto para quen procure a tranquilidade e non se conforme con sol e praia. Se che quedan enerxías despois da noite de concertos, propoñémosche a mellor actividade paralela. Colle o necesario e aproveita o día para perderche por esa Ortigueira descoñecida.

CHEGAR:

A principal vía de comunicación é a estrada AC-862 de Ferrol a Foz e Ribadeo, que se une en Neda coa AP-9 pola que se chega á Coruña (99 Km). A distancia ata Ferrol é de 53 Km. Outra posible opción, desde Madrid, é coller



a autovía A-6 ata o desvío de Rábade (saída 510) ou Baamonde (saída 523). Pasando por Vilalba e As Pontes chégase a Ortigueira pola AC-101.

Consulta na web www.festivaldeortigueira.com todas as opcións de transporte público.

O FESTIVAL

O Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira nace dun proxecto que os membros da Escola de Gaitas de Ortigueira idean tras unha visita ao Festival Intercéltico de Lorient en 1978.

Obtén os galardóns de Interese Turístico Gallego e Nacional e, en 2005, é declarado Festa de Interese Turístico Internacional polo Ministerio de Industria Español, converténdose así nunha plataforma desde a que o mundo enteiro coñece Ortigueira e a súa comarca. En 2014 obtén o Premio Cultura Galega na modalidade de música e, en 2022, o premio a Mellor Festival de Galicia nos IX Premios Martín Códax dá Música.

Nas súas edicións pasada, foron máis de 70.000 persoas as que acudiron a este evento cultural, chegando en 2022 e 2023 a máis de 100.000.

Non hai dúbida de que a calidade artística e cultural alcanzada polo Festival non se verá minguada en futuras edicións. Ano a ano, aumenta o investimento en infraestruturas, servizos e recursos humanos para poder acoller á gran cantidade de persoas rexistradas e poder garantir en todo momento a súa seguridade e goce.



Todo isto, implica un importante esforzo económico no que o Concello de Ortigueira está totalmente inmerso xunto cos patrocinadores públicos e privados. Cos novos criterios de xestión instaurados, o Festival consolídase definitivamente como referente cultural e un importantísimo motor económico.

LOXÍSTICA

Para o Concello de Ortigueira, é unha proba anual a nivel de produción e organización. A presenza de máis de 70.000 persoas e a mobilización duns 10.000 vehículos fan que a operatividade sexa máxima.

Por todo isto, a organización pon ao dispor do Festival máis de 100 efectivos de Protección Civil así como seguridade privada. Así mesmo, incrementáanse os servizos de policía e emerxencias médicas. Na presente edición tamén contarase cunha UVI móbil.

Durante o Festival, incrementáase a frecuencia e o número de transportes públicos (trens e autobuses) para chegar a Ortigueira. Á súa vez, habilitaranse zonas de aparcamento para uns 15.000 vehículos.

Un ano máis, Morouzos será a zona de descanso.



CONCEPTO E CARTEL

O cartel desta edición foi seleccionado a través dun Concurso de Carteis que atraeu 115 propostas de diversos lugares de Galicia, España e outros países.

O xurado, composto por destacados membros da comunidade artística e musical, elixiu como gañador a Jorge Fernández Arteaga, un novo deseñador e tatuador leonés, pola súa obra “El embrujo del dragón”.

A peza gañadora reflicte a esencia do Festival de Ortigueira mediante a representación dunha gaiteira, unha pandeireta, o Muíño do Campo da Torre e o emblemático dragón do Festival.



PROGRAMACIÓN DIARIA

18:00 h. Charla "Los Orígenes de la Cultura Celta en Galicia"
Impartida por Ramón Sainero no Teatro de Beneficencia

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA
21:30 h. Peoples Ford Boghall & Bathgate
 Caledonia Pipe Band
22:15 h. Escola de Gaitas de Ortigueira
23:45 h. Kinnaris Quintet
00:50 h. Fillas de Cassandra
02:10 h. Green Lads
03:15 h. BackWest

19:00 h. Petricor
Alameda - Av. Cuba - Av. Escola de Gaitas - Av. Penela

20:00 h. Peoples Ford Boghall & Bathgate
Caledonia Pipe Band
Av. Penela - r/Eugenio López - Cantón ou Alameda

01:40 h. NoGood Boyo

22:45 h. Muro Kvartet
00:15 h. José Manuel Tejedor
01:45 h. Böj



Emerxencias	112
Garda Civil - Obxectos perdidos	062
	981 40 00 21
Centro de Saúde	981 40 10 76 981
	42 90 44
Policia Local	696 44 68 63
	696 44 68 64
Concello de Ortigueira	981 40 00 00
Oficina de Turismo	981 97 41 03
Renfe	912 32 03 20
	981 37 05 29
Buses Arriva	981 31 12 13



EXPOSICIÓN

Durante todo o mes de xullo expoñeranse as mellores propostas recibidas no Concurso de Carteis do Festival de Ortigueira 2024. A exposición estará situada na sala de exposicións do claustro baixo do Concello de Ortigueira.

OBRADOIROS E OUTRAS ACTIVIDADES

Dentro do desenvolvemento das actividades do Festival desenvólvense diferentes talleres de participación popular, para favorecer a comunicación, a difusión cultural e o coñecemento das diferentes nacións que conflúen na experiencia cultural que é o Festival de Ortigueira.

- **Obradoiro de baile gallego** impartido pola Asociación Cultural Donaire o venres 12 de 12:00 a 14:00 h no IES de Ortigueira.
- **Obradoiro de baile bretón** impartido pola Bagad Brieg o venres 12 de 16:00 a 18:00 h no IES de Ortigueira.
- **Obradoiro de baile asturiano** impartido por Xesús Nel Villanueva o sábado 13 de 16:00 a 18:00 h no IES de Ortigueira.
- **Laboratorio de Creación de Cántigas Novas** impartido por Ugia Pedreira e Óscar Górriz o sábado 13 de 11:00 a 14:00 h no IES de Ortigueira.
- **Charla “Los Orígenes de la Cultura Celta en Galicia”** impartida polo lingüista, historiador e investigador Ramón Sainero o sábado 13 ás 18:00 h no Teatro de Beneficencia.
- **VII Obradoiro de Fotografía Documental de Rúa** impartido por Jota Barros e Galioart o venres 12, sábado 13 e domingo 14.

FEIRA DE ARTESANÍA

Artesáns de toda España acoden cada ano a Ortigueira a expoñer e vender os seus produtos artesanais. Aberta durante todos os días do Festival de 12:00 a 02:00 h xunto aos Xardíns de Julio Davila na zona da Alameda.



CONCURSO RUNAS

Este concurso internacional no que participan grupos de orixe nacional e internacional leva convocando desde o ano 2000. Máis de 200 bandas de diferente orixe pasaron xa por este concurso.

Os asturianos **Picarós**, os galegos **Alana** e os irlandeses **Buíoch** son os finalistas do Concurso Runas 2024. Os finalistas determináronse por un sistema de cinco puntuacións. A primeira derivada da votación popular na páxina web do Festival, onde se recibiron máis de 22.700 votacións. As outras catro puntuacións proceden dun xurado composto por músicos e profesionais do sector seleccionados polo Concello de Ortigueira, que analizaron para o seu veredicto a relación de cada proposta en sintonía coa filosofía e tradición musical propia do Festival.

A comisión de selección do gañador do Concurso Runas 2024 analizará os seus directos en #Ortigueira2024 tendo en conta a súa música, afinación, son e afinidade co Festival para determinar cal é o grupo que actuará de novo en 2025 como gañador do certame.

FESTIVAL NO TEATRO

O Teatro de Beneficencia é unha construción de 1850 de estilo románica na que se desenvolven unha serie de concertos ao longo do ano dentro do ciclo Festival no Teatro. Durante a celebración do Festival acolle concertos de pequeno formato de maneira totalmente gratuíta.

- **Pärbo**, venres 12 ás 19:00 h
- **Os Carunchos**, domingo 14 ás 19:00 h

PEQUE FESTIVAL

Durante o Festival a música celta asolaga a Igrexa de Santa Marta de Ortigueira coa súa máxica sonoridade.

- **Uxía Lambona e a Banda Molona**, sábado 13 ás 12:30 h no Teatro de Beneficencia

FESTIVAL NA RÚA

As rúas de Ortigueira son partícipes dunha enriquecedora experiencia cultural na que se crea unha atmosfera festiva que conecta aos asistentes coa rica herdanza das oito Nacións Celtas.

Os pasacalles non só ofrecen unha exhibición de música, danza e vestimenta tradicional, senón que tamén engaden un elemento dinámico e participativo, involucrando activamente ao público.

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

Proporciona unha prestixiosa plataforma para a presentación de artistas recoñecidos e emerxentes, permitindo a difusión, preservación e apreciación da música celta na súa máxima expresión.

RELACIÓN DE GRUPOS

BAGAD BRIEG

Xoves 11 | 21:30 h | Escenario Estrella Galicia



Fundada en 1978, a día de hoxe é unha das bandas máis recoñecidas en Bretaña, contando con máis de 200 músicos repartidos entre as súas distintas formacións.

Ao longo da súa historia, a Bagad Brieg gañou diferentes títulos, como o Campionato de Bretaña en 2007, o Campionato do Mundo de segundo grao como Pipe Band en 2014 e os Campionatos do Mundo de formación de percusión en 2010 e 2014.

PICARÓS

Xoves 11 | 22:45 h | Escenario Estrella Galicia | Finalista Concurso Runas 2024



Picarós nace no ano 2021 da man de Iván Álvarez (gaitas asturianas, gaita MIDI, whistles e voz), Daniel de la Nava (guitarras) e Chus Fernández (bodhrán).

O trío presenta unha vibrante proposta musical que chega desde o panorama folk asturiano, cunha fusión da esencia da música tradicional con elementos contemporáneos.

ALANA

Xoves 11 | 23:40 h | Escenario Estrella Galicia | Finalista Concurso Runas 2024



Alana nace no ano 2023 co obxectivo de poñer en valor a música tradicional galega. O trío mestura a música tradicional galega con ritmos contemporáneos de base electrónica e pop. O seu estilo vén moi marcado pola importante presenza no directo das percusións tradicionais.

BUÍOCH

Xoves 11 | 00:40 h | Escenario Estrella Galicia | Finalista Concurso Runas 2024



Buíoch é un grupo de música tradicional irlandesa que compón arranxos e as súas propias melodías, resultando nun son tradicional progresivo, único e enérxico. Buíoch é a palabra irlandesa que significa «agradecido». Este grupo encarna o significado do seu nome, xa que se sente profundamente agradecido por tocar e actuar.

SCOTTISH FISH

Xoves 11 | 01:35 h | Escenario Estrella Galicia



Scottish Fish é un vibrante quinteto de Boston coñecido polo seu entusiasmo xuvenil, arranxos orixinais e actuacións cheas de enerxía. O grupo ofrece unha renovada visión da música tradicional e contemporánea escocesa e bretoa.

Na súa traxectoria discográfica, lanzaron o seu álbum debut «Splash» en 2017, seguido polo EP do Nadal «Tidings» en 2019. En outubro de 2022, celebraron o seu décimo aniversario co lanzamento do seu último disco «Upscale».

CÚIG

Xoves 11 | 02:50 h | Escenario Estrella Galicia



Gueldu nace a finais de 2019 como iniciativa de Héctor Aneiros. Actualmente está formado por Susana Sors, Héctor Aneiros, Olaya Pérez, Jorge Álvarez, Laura Méndez, Pablo Santamarta y Rubén Cadenas.

Une la música tradicional celta con Prog-Folk y New-Age además de elementos de la música clásica, metal, country o electrónica, entre otros. Toman la mayoría de su inspiración de la música asturiana, apoyándose también en la música gallega y la escena folk internacional.

En 2022 publican su sencillo L'Aremu con dos temas, y en 2023 el segundo, también de dos temas, Perdayuri, los cuales incluyen en su candidatura al Runas este año. L'Aremu fue premiada como Mejor canción Folk 2022 en los Premios AMAS 2023.

BANDA DE GAITES CANDÁS

Venres 12 | 12:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Biblioteca – r/D. Xosé Buide – r/Eugenio López – Cantón ou Alameda

PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND

Venres 12 | 12:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Penela – Av. Escola de Gaitas – r/Fernández Latorre – Cantón ou Alameda

BANDA DE GAITAS DE VEGA DE ESPINAREDA

Venres 12 | 13:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: r/Magdalena – Av. As Pontes – Alameda ou Cantón

AXEIGO

Venres 12 | 13:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadis) – Av. Cuba – Cantón ou Alameda

BANDA GAITES VILLAVICIOSA EL GAITERO

Venres 12 | 16:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadis) – Av. As Pontes – Alameda ou Cantón

ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA ROSALÍA DE CASTRO

Venres 12 | 17:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Biblioteca – r/D. Xosé Buide – Av. Escola de Gaitas – r/Fernández Latorre – Cantón ou Alameda

ASOCIACIÓN CULTURAL DONAIRE

Venres 12 | 18:00 h | Festival na Rúa



Actuación: Praza Isabel II

AXEIGO

Venres 12 | 19:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Alameda – Av. Cuba – Av. Escola de Gaitas – Av. Penela

PÄRBO

Venres 12 | 19:00 h | Festival no Teatro | Teatro de Beneficencia



Pärbo naceu na primavera de 2019 cando Begoña Riobó e Anxo Pintos comezaron a buscar un repertorio que fusionase a música tradicional galega con elementos contemporáneos. Utilizando instrumentos como o violín, a arpa céltica, a zanfona e a voz, crean un son único que reflicte tanto a tradición como a innovación, logrando unha proposta sonora distintiva.

BAGAD BRIEG

Venres 12 | 20:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadis) – Av. As Pontes – Alameda ou Cantón

PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND

Venres 12 | 21:30 h | Escenario Estrella Galicia



En 1972 un grupo de residentes en Boghall deciden reunirse para crear unha banda de gaitas local. Escollen como líder a Bobby Allan, de Tropichen e Bathgate, como gaiteiro líder, e buscan a cativos que quixeran unirse no periódico local Courier.

Pronto se presentarían ao concurso de bandas de Peebles, quedando como campións do Grado 4 a pesar da súa curta experiencia, algo que sería unha constante en cada competición á que acudían.

Actualmente, a banda inclúe gaitas, tambores, bombo e outros instrumentos, co que seguen mantendo a súa condición de campións nas diversas competicións ás que se presentan, moitas delas títulos mundiais. Tamén están moi orgullosos de que a maioría da xente que entra continúa nela incluso durante 25 anos.

ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA

Venres 12 | 22:15 h | Escenario Estrella Galicia



Un ano máis, a banda de gaitas protagonista do Festival, fundada en 1975, sendo precursora do posterior movementos gaiteril, sobe ao escenario principal con medio cento de músicos, entre gaiteiros, percusionistas e cadro de baile, para presentar un repertorio puramente tradicional de música e baile galego.

Dirixida por Rodrigo López, constitúe unha auténtica institución no municipio, sendo a fundadora do Festival e a referencia no cartel, mantendo viva a reivindicación do papel da gaita galega na nosa cultura.

KINNARIS QUINTET

Venres 12 | 23:45 h | Escenario Estrella Galicia



Con base en Glasgow, Kinnaris Quintet destaca por revitalizar a música tradicional e folk cunha mestura de influencias escocesas, irlandesas, bluegrass, clásicas, escandinavas e dos Apalaches.

O quinteto logrou a combinación perfecta sendo fieis ás súas raíces tradicionais, dando como resultado un estilo poderoso, fresco e eufórico que impregna o escenario de exuberancia e un contaxioso entusiasmo.

FILLAS DE CASSANDRA

Venres 12 | 00:50 h | Escenario Estrella Galicia



María SOA (voz, percusión e piano) e Sara Faro (voz e percusión) conforman o dúo Fillas de Cassandra.

O dúo fai unha aposta pola recuperación das melodías tradicionais a través de ritmos influenciados polo pop, a electrónica e a música clásica. A eles súmaselles a creación de novas líricas inspiradas no canto de tradición oral.

O piano e as diferentes percusións son apoiadas por bases electrónicas que crean unha atmosfera que convive coas súas letras e coidadas harmonías vocais.

Desde unha ollada feminista e actual, as súas composicións transitan da emotividade ao desenfado, logrando conectar cun público interxeneracional.

Fillas de Cassandra conságrase como a promesa da música galega grazas a súa calidade artística e a súa poderosa presenza escénica.

GREEN LADS

Venres 12 | 02:10 h | Escenario Estrella Galicia



Na encrucillada entre os códigos da música celta irlandesa e a modernidade dos ritmos electrónicos atópanse os Green Lads, un grupo fundado en 2018 por dous "fellas" que tocaban o violín en sesións irlandesas en Rennes.

Cos seus característicos traxes verdes, o grupo mestura composicións electrónicas con melodías tradicionais irlandesas, creando unha fusión de positividade e enerxía.

Os bretóns fixeron bailar a todo aquel que se atoparon desde as prazas das vilas ata os grandes escenarios e salas francesas coa súa vibrante posta en escena chea de luz e son.

BACKWEST

Venres 12 | 03:15 h | Escenario Estrella Galicia



BackWest está formado por un conxunto de experimentados músicos do oeste de Irlanda. Cun estilo innovador e emocionante, estableceron novos estándares na música irlandesa.

Profundamente arraigados na tradición, ofrecen un espectáculo que combina tradición e modernidade cunha vibrante enerxía. As súas puídas actuacións e o seu enfoque na conexión rítmica e musical cativaron á audiencia de programas de radio e televisión de todo o mundo.

BANDA DE GAITAS DE VEGA DE ESPINAREDA

Sábado 13 | 12:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadís) – Av. As Pontes – Alameda ou Cantón

BANDA GAITES VILLAVICIOSA EL GAITERO

Sábado 13 | 12:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: Biblioteca – r/D. Xosé Buide – r/Eugenio López – Cantón ou Alameda

UXÍA LAMBONA E A BANDA MOLONA

Sábado 13 | 12:30 h | Peque Festival | Teatro de Beneficencia



Uxía Lambona e a Banda Molona é unha banda musical infantil que está formada por Pali ao baixo, Ñoc á batería, Diego á gaita e frauta, Serghaño á guitarra, Roscón ao acordeón e Uxía cantando e animando. Ten como obxectivo facer cantar e bailar a todos os nenos e nenas, achegándolles a música tradicional galega dun xeito atractivo para eles.

BAGAD BRIEG

Sábado 13 | 13:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Penela – Av. Escola de Gaitas – r/Fernández Latorre – Cantón ou Alameda

PETRICOR

Sábado 13 | 13:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadis) – Av. Cuba – Cantón ou Alameda

BANDA DE GAITES CANDÁS

Sábado 13 | 16:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: r/Magdalena – Av. Escola de Gaitas – Av. Cuba – Cantón ou Alameda

ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA ROSALÍA DE CASTRO

Sábado 13 | 17:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Escola de Gaitas (Gadis) – r/Fernández Latorre – Cantón ou Alameda

ASOCIACIÓN CULTURAL DONAIRE

Sábado 13 | 18:00 h | Festival na Rúa



Actuación: Praza Isabel II

BANDINA DE CUAYA

Sábado 13 | 18:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: r/Constitución – r/Cedeira – r/Francisco Santiago – Cantón ou Alameda

PETRICOR

Sábado 13 | 19:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Alameda – Av. Cuba – Av. Escola de Gaitas – Av. Penela

PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND

Sábado 13 | 20:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Penela - r/Eugenio López - Cantón ou Alameda

AILÁ

Sábado 13 | 21:30 h | Escenario Estrella Galicia



Ailá é unha proposta inspirada na música tradicional de transmisión oral co obxectivo de facer bailar e de sentir esa enerxía universal feita “de raíces e de ás”.

O grupo mergúllase no universo folk, cuns impecables arranxos baseados nas recollidas históricas do saber musical popular. Isto, unido á peculiar formación composta por catro músicos, dalles un carácter único, achegando unha nova sonoridade ao repertorio tradicional.

CAPERCAILLIE

Sábado 13 | 23:45 h | Escenario Estrella Galicia



Con raíces en Argyll, nas Terras Altas de Escocia, Capercaillie foi unha forza pioneira en levar a música tradicional celta ao escenario global, inspirando o notable renacemento que se observa hoxe día.

A historia de Capercaillie é unha viaxe que reflicte o renacemento musical de Escocia e a elevación da súa identidade cultural a través da música tradicional. Desde as súas primeiras e innovadoras gravacións, o grupo realizou xiras por máis de trinta países e lanzou dez álbums con máis dun millón de copias vendidas en todo o mundo.

DERVISH

Sábado 13 | 00:15 h | Escenario Estrella Galicia



Dervish, recoñecido como un dos grupos máis creativos e influentes da música folclórica irlandesa, dedicou máis de tres décadas a revitalizar as cancións tradicionais de Irlanda.

O seu proxecto máis recente revive os seus clásicos, dándolles unha nova vida e asegurando a súa relevancia para futuras xeracións ao colaborar con artistas de varios xéneros, expandindo e enriquecendo o seu son.

O grupo non só preserva a esencia das tradicións musicais irlandesas, senón que tamén explora o seu potencial emocional e poético, celebrando a música como un vehículo de expresión cultural continua e dinámica.

NOGOOD BOYO

Sábado 13 | 01:40 h | Escenario Estrella Galicia



NoGood Boyo ofrece sobre o escenario unha explosiva fusión de DnB, rap, tecno e electrónica. Son o equilibrio perfecto entre unha homenaxe á súa herdanza galesa e a temeridade sen límites.

O grupo toma o termo «trash-trad» dos puristas que os critican e convérteno nun distintivo de orgullo, levando a tradición galesa a un novo nivel con vestimentas que inclúen monos, lentes de sol e chapeus tradicionais galeses, elementos típicos da iconografía de Barry Island.

AROZE

Sábado 13 | 03:00 h | Escenario Estrella Galicia



Aroze naceu nas rúas entre o mastro dun violín e as liñas dun software de composición de música electrónica. O trío ofrece un potente espectáculo rítmico e unha brillante proposta audiovisual.

Con influencias dos mundos celtas e orientais, Antoine, Alexandre e Anfrey mesturan virtuosamente expresivas melodías de violín con electro percusivo, impregnando o escenario dunha enerxía épica.

DESFILE DAS NACIÓNS CELTAS

Domingo 14 | 11:30 h | Festival na Rúa



Percorrido: Alameda – Av. As Pontes – Av. Escola de Gaitas (Gadis) – Perla – r/Eugenio López – Cantón

Participantes:

- Escola de Gaitas de Ortigueira
- Bagad Brieg
- Peoples Ford Boghall & Bathgate Caledonia Pipe Band
- Asociación Cultural Galega Rosalía De Castro
- Banda de Gaitas de Vega de Espinareda
- Banda de Gaites Candás
- Banda Gaites Villaviciosa El Gaitero
- Banda de Gaitas Ladrado
- Banda de Gaitas do Ortegal

TROULA DO ORTEGAL

Domingo 14 | 18:00 h | Festival na Rúa



Actuación: Praza Isabel II

A REQUINTA DE LAMPAI

Domingo 14 | 19:00 h | Festival na Rúa



Percorrido: Av. Penela – Av. Escola de Gaitas – r/Fernández Latorre – Cantón ou Alameda

OS CARUNCHOS

Domingo 14 | 19:00 h | Festival no Teatro | Teatro de Beneficencia



Os Carunchos formouse a finais de 1994 coa idea de combinar temas cantados co repertorio de gaiteiros solistas, creando unha formación nova e orixinal. Mesturan e recuperan coplas do imaxinario popular e poñen música ás obras de poetas históricos e contemporáneos. A súa música, que inclúe gaita solista, percusión variada, polifonía vocal e o acompañamento da zanfona, converte as súas actuacións en auténticas festas cheas de enerxía e diversión.

ASOCIACIÓN CULTURAL DONAIRE

Sábado 13 | 21:30 h | Escenario Estrella Galicia



A Asociación Cultural Donaire naceu na Coruña no ano 2000 co propósito de recuperar, promover e difundir o folclore galego. Dispoñen dunha escola onde se ensinan canto, baile e instrumentos tradicionais como gaita, pandeireta, tamboril, bombo e pandeiras, así como instrumentos de percusión menores.

O grupo está formado por mozas e mozos que, despois de anos na escola, mostran en actuacións a beleza, riqueza e variedade da música e danza popular galega, conservando e difundindo o legado cultural dos seus maiores.

MURO KVARTET

Domingo 14 | 22:45 h | Escenario Estrella Galicia | Gañador Concurso Runas 2023



Muro Kvartet nace en 2019 en Zaragoza de mans de Àlex Prats, Andrés Campos, Laura Sorribas e Juan Zalba.

Evolucionan desde unha exploración de que poden facer máis aló das formacións clásicas de violíns ata un grupo cuxo obxectivo é facer bailar e gozar ao seu público, buscar novos sons e texturas e incluír elementos das músicas do mundo e de xeracións pasadas e actuais.

Editan un single en 2020, Old Reinlender, e lanzan en 2023 o seu primeiro álbum Muro Kvartet. En xuño de 2024 lanzan o seu segundo álbum, Chop Machine.

JOSÉ MANUEL TEJEDOR

Domingo 14 | 00:15 h | Escenario Estrella Galicia



Cun Premio Nacional de Música e tres veces gañador do Trofeo Macallan, José Manuel Tejedor é un dos gaiteiros máis exitosos de Asturias. Traspasou fronteiras e estilos cos seus traballos, colaboracións e composicións.

O seu álbum «Miraes» (2018) revela o seu lado máis persoal a través de novas composicións cun son moderno. O seu último traballo, «LLUZ» (2022), continúa esta traxectoria con grandes composicións e colaboracións destacadas, como as de Niall Vallely e Michael McGoldrick.

BÖJ

Domingo 14 | 01:45 h | Escenario Estrella Galicia



Böj, formado na comarca de Ferrolterra no ano 2002, destaca pola súa variedade de formacións e repertorios centrados na música tradicional dos pobos do eixo atlántico.

O grupo, gañador do Concurso Runas 2016, interpreta tanto temas propios como tradicionais, enriquecidos con influencias do folk atlántico e novas sonoridades.

INFORMACIÓN PRÁCTICA

RECOMENDACIÓNS

ZONA DE LECER E DESCANSO

Na zona de Morouzos atópase a zona de descanso do Festival. Está dotada de duchas e aseos e dispón de zona de restauración. Dispón de transporte urbano desde o centro urbano.

APARCAMENTOS GRATIS VIXIADOS

Situados na entrada do centro urbano na zona de Barbos, dirección Espasante, dispoñen de vixilancia durante 24 h. Ten dispoñible o servizo de buses urbanos, que achegan aos usuari@s ata a zona de descanso ou ata o centro urbano (1,55 € por traxecto), con frecuencia cada hora.

LIÑA DE BUSES URBANOS ARRIVA

O xoves 11, en horario ininterrompido de 12:00 h ata unha hora despois da finalización dos concertos. Desde o venres 12 ata o domingo 14, en horario ininterrompido de 10:00 h ata unha hora despois da finalización dos concertos. O domingo 14 ao mediodía poderá haber cortes no servizo durante o paso do Desfile das Nacións Celtas. O luns 15 haberá servizo de 10:00 a 12:00 h.

Con frecuencia cada hora, conta con paradas nos aparcamentos públicos, na estación de Fefe e na rotonda da praia de Morouzos. O prezo por traxecto será de 1,55 € e poderá pagarse en efectivo ou con desconto coa tarxeta metropolitana da Xunta de Galicia.

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias - 112

Centro de Saúde - 981 401 076 / 981 429 044

Garda Civil (obxectos perdidos) - 062 / 981 400 021

Policía Local - 696 446 863 / 696 446 864

Concello de Ortigueira - 981 40 00 00

Oficina de Turismo - 981 974 103

Renfe - 912 320 320 / 981 370 529

Buses Arriva - 981 311 213

COIDA O MEDIOAMBIENTE

Se decides achegarche ao piñeiral ou á praia de Morouzos, lembra que é un espazo natural protexido e que debes preservalo.

OUTRAS RECOMENDACIÓNS

Toda a zona de descanso está situada nunha área protexida cun alto valor ecolóxico que debemos conservar entre todos. Por esa razón, é moi importante:

- Coida o teu contorno para ter un festival inesquecible, evita pisar as dunas
- Non acampes no areal e no piñeiral
- Non fagas lume
- Non malgastes a auga
- Utiliza as papeleiras e contedores
- Deixa en casa aos animais domésticos
- Respecta a natureza

COMUNIDADE ONLINE

A comunidade do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira suma máis de 58.000 seguidores en redes sociais, síguenos!

Instagram - @festivaldeortigueira

Facebook - @festortigueira

X (Twitter) - @festortigueira

YouTube - @festivaldeortigueira

Web - www.festivaldeortigueira.com



PATROCINADORES

ORGANIZA



PATROCINA



AGRADECEMENTOS

O Concello de Ortigueira agradece o esforzo e a implicación de todas as persoas que forman parte da organización, traballadores/as do concello, colaboradores, empresas, colectivos, patrocinadores e persoas que apoian e fan crecer cada ano máis este evento. E, como non, a todos e todas os que desfrutades do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira cada ano.



CONTACTOS

Concello de Ortigueira

www.concellodeortigueira.com

info.festival@concellodeortigueira.com

981 400 000

Departamento de Comunicación

www.festivaldeortigueira.com

prensa@festivaldeortigueira.com

981 138 225 - Elisardo de la Cruz

633 481 403 - Diego Vilar

658 811 400 - Ramón Roldán

Vémonos do 11 ao 14 de xullo en #Ortigueira2024!